



Pza. Dr. Latino Salgueiro, s/n
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

CONCELLO
DE
GONDOMAR
(Pontevedra)

ref.: eas/ Acta Pleno/AX/SX/nº 05/2014-07/04/2014

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE Nº 05/2014 DO PLENO DO CONCELLO

Lugar: Casa da Cultura

Data: 07.04.2014

Hora de convocatoria: 08.15 h

Hora de comezo: 08.20 h

Hora de remate: 08.33 h

ASISTENTES

Fernando Gutián Gutián (alcalde), presidente

Patricia Durán Pérez (concelleira do grupo municipal do PP), vogal

Jesús Salgueiro Pérez (concelleiro do grupo municipal do PP), vogal

Carlos Lameiro Pérez (concelleiro do grupo municipal do PP), vogal

Juan Carlos González Camesella (concelleiro do grupo municipal do PP), vogal

Paula Bouzós Barros (concelleiro da grupo municipal do PP), vogal

Juan Francisco Ferreira González (concelleiro do grupo municipal do PS de G-PSOE), vogal

Ana Isabel Francisco Santos (concelleira do grupo municipal do PS de G-PSOE), vogal

Natalia Sofía Salgueiro Hermida (concelleira do grupo municipal do C.D.L), vogal

José Ignacio Troncoso Quintas (concelleiro do grupo municipal do C.D.L), vogal

Manuel Gómez González (concelleiro do grupo municipal MIXTO), vogal

Xosé Antonio Araújo Quintas (concelleiro non adscrito), vogal

Pauliño del Río Iglesias (concelleiro non adscrito), vogal

Maria Fátima Rodríguez Áreal (concelleira non adscrita), vogal

Maria Luisa Tareixa Uxía Varela Nogueiras (concelleira non adscrita), vogal

Emilio Enrique García Crego (concelleiro non adscrito)

Eladio Costas Pererira (concelleiro non adscrito)

Elena Ares Salgado, secretaria acctal. do Concello

Beatriz Isla Carballo, interventora xeral do Concello


ORDE DO DÍA

1. Pronunciamento do pleno sobre a urxencia na presentación do plan económico financiero 2014-2015.
2. Dación de conta e presentación ao pleno do plan económico financiero 2014-2015.

O Presidente declara aberta a sesión ás 08.20 horas ao atoparse reunidos todos os convocados dende a citada hora de acordo coa relación que figura no encabezamento da presente acta.

Antes de proceder o Alcalde co primeiro punto da orde do día o Sr. Araújo Quintas quere facer constar en acta dúas cuestións de orde. En primeiro lugar manifesta que se desta sesión se derivase algúin gasto, que dito gasto vaia a conta da dedicación exclusiva da Sra. Concelleira de Economía e Facenda por non facer en tempo e forma o seu traballo. Por outra banda e como segunda cuestión de orde diríxese ao Sr. Alcalde para decirlle que hai que ter respecto pola oposición, especialmente a cada membro deste pleno; dille ao Alcalde que o mínimo que podería ter feito era chamar á oposición para comentaríalles que fá este punto fora da orde do día.

A continuación o Sr. Ferreira González pregunta se pode aclararse cándo finaliza o prazo de presentación do plan económico ao pleno. A continuación o propio Sr. Ferreira González manifesta que o prazo finaliza o día 6 de abril e que así conste en acta; pregúntalle ao Alcalde que se tiña a documentación preparada por qué non o comentou con anterioridade, e que pudo chamar antes como xesto de responsabilidade coa oposición. Dille ao Alcalde que se iso non se fai, de pouco vale xa que tomarían outra decisión; finaliza dicindo que así non fera que





Pza. Dr. Latino Salgueiro, s/n
36380 Gondomar
Tfno.: 986 360 125
Fax: 986 360 875

C O N C E L L O
D E
GONDOMAR
(Pontevedra)

enterarse pola prensa que hoxe habería pleno, enterarse incluso antes de que chegara a convocatoria, xa que á súa compañoira así lle sucedeu e tivo que solicitar de urxencia o día.

O Alcalde contesta dicindo que deron conta no pleno anterior coa entrega da correspondente documentación porque así o entenderon como o más elegante coa oposición.

O Sr. Costas Pereira dí que non sabe se forma parte da corporación xa que ao resto da corporación se lle avisou que de fan celebrar este pleno e a él non.

O Sr. Alcalde dille que él saberá se forma parte ou non da corporación.

1. Pronunciamento do pleno sobre a urxencia na presentación do plan económico financiero 2014-2015.

O Sr. Alcalde expón brevemente a urxencia da presentación ao pleno do plan económico financeiro.

DELIBERACIÓN

O Sr. Del Río Iglesias dí que supón que este punto inclúese na orde do día por imperativo legal e procede á lectura dun artigo do ROF (Real Decreto 2568/1986) relativo á convocatoria das sesións extraordinarias urxentes. Dí que xa que están aquí dille á Sra concelleira de Economía e Facenda que non avisou deste asunto previamente á presentación ao pleno e que chamoulles "peseteros" na prensa. Insiste no antedito. Pregunta que se son peseteros qué pasaría se votan en contra, e se volverían a convocar outro pleno extraordinario urxente e así sucesivamente. Recoméndalle á Sra concelleira que retifique as súas palabras, xa que no pasado pleno ela mesma explicou claramente as causas que motivaron que non se trouxera ao pleno dito asunto. Pregúntalle á concelleira Salgueiro se ratificase en ditas declaracions ou non.

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación municipal en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros acorda aprobar a urxencia da presentación do plan económico financeiro 2014-2015.

2. Dación de conta e presentación ao pleno do plan económico financiero 2014-2015.

Sr. Alcalde: O Sr. Alcalde da conta e procede á presentación do plan económico financiero 2014-2015 ao pleno deste concello, facendo constar que foi entregada copia a cada unha dos concelleiros/as desta corporación.

O Pleno da Corporación Municipal queda informado.

E non habendo máis asuntos que tratar, ás 08 horas e 33 minutos do dia 7 de abril, o Sr. Alcalde remata a sesión e dela redáctase a presenta acta que eu mesma asino, de todo o que eu como secretaria dou fe.

